

41

DO 27/06/2024
AO 07/07/2024

MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓSMICO E FESTIVO DE CANGAS

www.mostrateatrocangas.gal



TAQUILLA



ÍNDICE

- 02. PROGRAMA
- 03. TAQUILLA
- 04. PRESENTACIÓN
- 05. TEATRO NO AUDITORIO
- 15. TEATRO NA RÚA E ESPAZOS ALTERNATIVOS
- 21. XXIV XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN
- 24. EVENTOS

ORGANIZACIÓN

Dirección Artística e Programación: María Armesto
Dirección de Producción: Salvador del Río
Actividades Paralelas e Formación: Silda Alfaro
Asesoramento Programación Rúa: Xoan Carlos Riobó
Xestión MITCFC: María Xosé Mariño "Che"
Comunicación: Clara Castilla
Fotografía: Diego Seixo

Técnicos Municipais:

Técnico de Cultura: Estanislao Graña
Director Auditorio Municipal: Juan José Pérez
Directora do CIM: Paula Tenorio

ASISTENCIA TÉCNICA

Ningures Producción SL:

Héctor Pazos
Serafín Piñeiro

Auditorio Municipal

Paco Alfaro
Andrés Otero

ENTIDADES

Entidades Organizadoras:

A.C. Xiria
Ilmo. Concello de Cangas
Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas
Ningures Producción S.L.

Entidades Patrocinadoras:

Ilmo. Concello de Cangas
Xunta de Galiza, AGADIC
Frigoríficos del Morrazo
Excma. Deputación de Pontevedra

DESEÑO E EDICIÓN

Cartel e ilustracións: Loreto Blanco Salgueiro
Deseño gráfico e web: Diego Seixo
Edita: MITCFC, 2024

PROGRAMA

MARTES, 25 XUÑO

17:00 SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL
SINTE O MOVEMENTO. OBRADOIRO ADICAM Mark Torrecillas e
María Move

MÉRCORES, 26 XUÑO

19:00 CAPELA DO HOSPITAL
4 PERFORMANCES exposición de María Ruido
21:00 AUDITORIO MUNICIPAL
PROYECCIÓN "LAS REGLAS DEL JUEGO" de María Ruido
22:00 AUDITORIO MUNICIPAL
PREMIO MULLERES EN ACCIÓN a María Ruido

XOVES, 27 XUÑO

19:00 VESTÍBULO AUDITORIO MUNICIPAL
10 PASOS NA PROCURA DA VIDA, OBRA E PAIXÓN DE ROBERTO
VIDAL BOLANO e HISTORIA GRÁFICA DA MITCFC Exposicións
19:30 RÚAS DE CANGAS
LILICLETA DISCO AMBULANTE de Lilicleta
20:30 VESTÍBULO AUDITORIO MUNICIPAL
OPEN DOOR de Pere Hosta
21:00 AUDITORIO MUNICIPAL
PREGÓN de Patricia Vázquez
EL CASTILLO DE LINDABRIDIS de Nao D'amores
27 XUÑO-07 XULLO en annafigueiredo.gal
FÓRA DE PROGRAMA Crónica de Anna R. Figueiredo

VENRES, 28 XUÑO

11:30 RÚAS DE CANGAS
LILICLETA DISCO AMBULANTE de Lilicleta
12:30 FEIRÓN
OPEN DOOR de Pere Hosta
20:00 SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL
SOBRE O EXTRAVÍO OU A ARTE DE PERDERSE de Furia Sotelo
20:30 O HÍO
O ÚLTIMO QUE APAGUE A LUZ de A Vela Circo
20:30 CENTRO CANGAS
OPEN DOOR de Pere Hosta
22:00 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS
EL VERDUGO de El Espejo Negro

SÁBADO, 29 XUÑO

12:30 LIBRARÍA WELLS
A ÚNICA, MARIA CASARÉS de Anne Plantagenet, presentado por
Berta Ojea
12:00 MERCADO MOAÑA | 19:30 PASEO DE ALDÁN
LILICLETA DISCO AMBULANTE de Lilicleta
20:30 XARDÍNS DO SEÑAL
ROGELIO III (LA FÊTE) de Assircópatas · Coproduce MITCFC
22:00 AUDITORIO MUNICIPAL
PASSPORT de Yllana

DOMINGO, 30 XUÑO

19:30 RÚAS DE CANGAS
LILICLETA DISCO AMBULANTE de Lilicleta
20:30 PRAZA DA CONSTITUCIÓN
A UTÓPICA RODANTE "DE VILATRISTE A VILALEGRE" de
TEATRO Ó CUBO · Coproduce CDG
20:30 ADRO DE DARBO
ROGELIO III (LA FÊTE) de Assircópatas · Coproduce MITCFC
22:00 AUDITORIO MUNICIPAL
HELEN KELLER, A MULLER MARABILLA? de Grupo Chévere
PREMIO XIRIA 2024 ao espectáculo "Helen Keller, a muller
marabilla?" de Grupo Chévere

LUNS, 01 XULLO

11:30 SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS
OBRADOIRO-CHARLA: HELEN KELER, A MULLER
MARABILLA por Ángela Ibáñez, Patricia de Lorenzo e
Chusa Pérez

19:00 PRAZA DO COSTAL
LA BLANCA NIEVES de Furafollas Teatro

20:00 SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL
SELVA do Colectivo Luzazul

20:00 EIRADO DO COSTAL
FEGATEA NA MITCFC microteatro amator

21:30 VESTÍBULO AUDITORIO MUNICIPAL
FUNÁMBULOS da ETC, Escola de Teatro de Cangas

22:00 AUDITORIO MUNICIPAL
ANIMALIÑOS da ETC, Escola de Teatro de Cangas

MARTES, 02 XULLO

02-04 XULLO 10:00-15:00 SALA EXPOSICIÓNS AUDITORIO
O CORPO ESCÉNICO obradoiro J. L. Montiel e David Roldán

17:00 SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS
ENCUNTRO TEATRO E INCLUSIÓN charla-coloquio

20:30 PRAZA DA CONSTITUCIÓN
LATEXO de Pistacatro · Coproduce MITCFC

22:00 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS
VIII TORNEO DE DRAMATURXIA DE GALICIA

MÉRCORES, 03 DE XULLO

20:30 PRAZA DA CONSTITUCIÓN
O ÚLTIMO QUE APAGUE A LUZ de A Vela Circo

XOVES, 04 XULLO

18:30-21:00 SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS
Presentacións libros e charlas:

- PYKA de Cinema Sticado e Julio Fer
- AMANTIS de Tamara Canosa e Xacio Baño
- AS MÁSCARAS DE IBÁÑEZ. O MARQUÉS DE SARGADELOS
QUE NUNCA FOI de Antón Lamapereira e Xabier Fernández
- RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO TEATRAL DE GALIZA por
Francisco Oti, Eduardo Alonso e Julio Fernández

20:30 PRAZA DO COSTAL
FRÁGIL da Cia. María Andrés

22:00 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS
A IDADE DO CACIFO de Peripécia Teatro

VENRES, 05 XULLO

19:00 SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS
MEMORIA DO TEATRO GALEGO NA TRANSICIÓN (episodios
3 e 4) presentación do Consello da Cultura Galega

20:30 PRAZA DA CONSTITUCIÓN
RUAR de Vacaburra · Coproduce MITCFC

20:30 O HÍO
FRÁGIL da Cia. María Andrés

22:00 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS
REDES de Las Ansiadas Producciones

SÁBADO, 06 XULLO

20:00 SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL
CANCHAL 11. SOBRE ENSALLE, JUAN NAVARRO Y
TERRORISMO DE AUTOR de Ensalle · Coproduce MITCFC

22:00 AUDITORIO MUNICIPAL
FEÍSIMA ENFERMEDAD Y MUY TRISTE MUERTE DE LA
REINA ISABEL I de La Calòrica

DOMINGO, 07 XULLO

21:00 AUDITORIO MUNICIPAL
PERHAPS, PERHAPS... QUIZÁS de Chula the Clown



TAQUILLA

VENDA DE LOCALIDADES

www.mostrateatrocangas.gal (Sen gastos de xestión para o público).
Recoméndase a prégase a compra online de localidades (sen gastos nin
comisións), por comodidade para o público e para axilizar a entrada ao
Auditorio.

VENDA DE ABONOS

www.mostrateatrocangas.gal

Do 16 de maio ao 8 de xuño.

PREZO DO ABONO: 70€.

Están incluídos no abono os seguintes espectáculos:

- 27 de xuño. EL CASTILLO DE LINDABRIDIS de Cia NAO D'AMORES.
- 28 de xuño. EL VERDUGO de EL ESPEJO NEGRO.
- 29 de xuño. PASSPORT de YLLANA.
- 30 de xuño. HELEN KELLER, A MULLER MARABILLA? de CHÉVERE.
- 04 de xullo. A IDADE DO CACIFO de PERIPECIA TEATRO.
- 05 de xullo. REDES de EMOVERE TEATRO.
- 06 de xullo. FEÍSIMA ENFERMEDAD Y MUY TRISTE MUERTE DE LA REINA
ISABEL I de LA CALÓRICA.
- 07 de xullo. PERHAPS, PERHAPS... QUIZÁS de CHULA THE CLOWN.

A adquisición do abono conta coas seguintes vantaxes:

Entradas para 8 espectáculos programados na Sala-Teatro do Auditorio.

Desconto de 10€ sobre o importe da suma das 8 entradas.

A adquisición do abono garante a entrada sen colas no despacho de billetes
para os espectáculos incluídos no abono.

Permite elixir as butacas mellor situadas. A persoa beneficiaria do abono
disporá da mesma butaca durante toda a MITCFC.

Non están incluídos no abono os demais espectáculos programados.

VENDA ANTICIPADA

www.mostrateatrocangas.gal

Do 11 de xuño ata o inicio do espectáculo.

(Sen gastos de xestión para o público).

VENDA NO DESPACHO DE BILLETES DO AUDITORIO

2 horas antes do comezo da función.

Aviso: Póñense á venda as entradas sobrantes, se as houbera, da venda
anticipada.

PREZOS DAS ENTRADAS*

Prezo dos espectáculos programados na SALA – TEATRO DO AUDITORIO: 10€.

Agás os espectáculos:

- 1 de xullo. ESCOLA DE TEATRO DE CANGAS.
- 2 de xullo. VIII TORNEO GALEGO DE DRAMATURXIA.

Estes dous espectáculos teñen de prezo: 5€.

Prezo espectáculos programados na SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO: 5€.

- 28 de xuño. SOBRE O EXTRAVÍO OU A ARTE DE PERDERSE de NURIA SOTELO e
ANA VALLÉS.
- 6 de xullo. CANCHAL XI. SOBRE ENSALLE TEATRO, JUAN NAVARRO E
TERRORISMO DE AUTOR de Ensalle.

*Espazo adherido ao Carné Xove (30% de desconto)

A ADQUISICIÓN DE ENTRADAS SIGNIFICA A ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS SEGUINTES

A organización non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos
puntos de venda oficiais polo que, neste caso, declínase toda a
responsabilidade e non se permite o acceso ao recinto das persoas que
presenten unha entrada emendada, rota ou con indicios de falsificación.
Non se admiten cambios ou devolucións.

Prégase máxima puntualidade. É potestade da organización permitir ou non a
entrada ao recinto unha vez comezado o espectáculo.

Resérvase o dereito de admisión.

Quedan reservados os dereitos de imaxe e propiedade intelectual do
espectáculo, non podendo as persoas do público introducir cámaras
fotográficas, vídeo ou gravadoras, nin filmar ou gravar o espectáculo sen
autorización da organización.

Prégase desconectar calquera tipo de aparello electrónico e silenciar as
alarmas dos reloxs e os teléfonos móbiles.

O público da Mostra ten un servizo de venda de localidades exclusivo, SEN
GASTOS de xestión pola compra anticipada de localidades.

Colabore coa MITCFC mercando a súa entrada anticipadamente.

A EDICIÓN CÓSMICA

Entrada xa nos corenta, esta Mostra que vos fala, quixo botar a vista atrás para facer balance, reflexionar e sacar proveito do aprendido. Decateime do moito que se me quere e se me coida e de que, sen a vosa imprescindible axuda, non tivese impulsado tanta creatividade escénica e activismo cultural ao longo destas décadas.

Lembrei aquel insólito encerro de 48 horas teatrais, cheo de accións e manifestacións escénicas continuadas, no que participáchedes tantísimas persoas da vila, do Morrazo e de toda Galicia, co único obxectivo de acadar un auditorio que non só me acollese a min senón, tamén, ao conxunto de artistas, compañías e colectivos teatrais que ían fabricar o mellor teatro posible e ofrecerllo ao público deste país.

Sentín a honra de impulsar as primeiras xornadas e coproducións teatrais profesionais luso-galegas. A de ser a primeira e única Mostra de Galicia e do Estado que apostou pola igualdade e a paridade na escena e na cultura, moitos anos antes de que existisen as actuais leis. A de acoller o único Torneo de Dramaturxia de Galicia e a de coproducir espectáculos creados polos nosos profesionais. E, moi especialmente, a honra de ser, dende hai décadas, a casa aberta e amiga de persoas con diversidade funcional para que amosen o seu traballo teatral.

E é aí a onde imos dirixir o foco este ano, á INCLUSIÓN, á tan sobada e (mal) utilizada palabra coa se nos enche a boca a boa parte da sociedade, persoas cultas, demócratas, progresistas, profesionais, traballadoras e, ás administracións públicas, tamén. Mais decateime de que estamos lonxe de aprehender o seu significado, xa que somos nós, a sociedade 'sen discapacidade' aparente, a que non sabe comunicarse coas persoas que teñen algún problema funcional, a que ten que facer por ENTENDER e INCLUIR(SE) neses mundos que existen alén dos propios 'escenarios', lémbrovos que calquera pode adquirir unha discapacidade. Porén, os gobernos e as administracións públicas teñen a obriga de impulsar políticas inclusivas e orzamentadas para que estas persoas, que tamén son cidadanía, gocen dunha vida digna, saudable, cómoda e feliz.

De resultas deste balance, xorde un compromiso maior en favorecer a convivencia escénica de persoas con e sen discapacidades, sexan artistas ou público. E abondar na programación de espectáculos, xornadas e obradoiros que axuden a unha inclusión pronta e real.

Non quero rematar sen agradecérlle á autora do cartel que me viste nesta 41 edición, Loreto Blanco Salgueiro, o agasallo de erguer o pano como a Mostra máis Có(s)mica, Diversa e Inclusiva da miña longa historia.

Benvidas! Benvidos! A festa do teatro está a piques de comezar!



#TEATRO NO AUDITORIO

XOVES, 27 XUÑO 2024 21:00

EL CASTILLO DE LINDABRIDIS

NAO D'AMORES

VENRES, 28 XUÑO 2024 22:00

EL VERDUGO

EL ESPEJO NEGRO

SÁBADO, 29 XUÑO 2024 22:00

PASSPORT

YLLANA

DOMINGO, 30 XUÑO 2024 22:00

HELEN KELLER, A MULLER MARABILLA?

GRUPO CHÉVERE

MARTES, 02 XULLO 2024 22:00

VIII TORNEO DE DRAMATURXIA DE GALICIA

DRAMATURGA · MITCFC

XOVES, 04 XULLO 2024 22:00

A IDADE DO CACIFO

PERIPECIA TEATRO

VENRES, 05 XULLO 2024 22:00

REDES

LAS ANSIADAS PRODUCCIONES

SÁBADO, 06 XULLO 2024 22:00

FEÍSIMA ENFERMEDAD Y MUY TRISTE MUERTE DE LA REINA ISABEL I

LA CALÒRICA

DOMINGO, 07 XULLO 2024 21:00

PERHAPS, PERHAPS... QUIZÁS

CHULA THE CLOWN





EL CASTILLO DE LINDABRIDIS

XOVES, 27 XUÑO 2024 21:00 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA

En 2001 Nao d'amores nace como colectivo de profesionais procedentes do teatro clásico, dos títeres e da música antiga que, baixo a dirección de Ana Zamora, veu desenvolvendo un labor continuado de investigación e formación para a posta en escena do teatro medieval e renacentista. En setembro de 2023, Ana Zamora recibe o Premio Nacional de Teatro do Ministerio de Cultura de España, pola súa recuperación do patrimonio teatral español.

El castillo de Lindabridis é unha comedia novelesco-cabaleiresca de gran artificio (linguaxe poética elaborada, música, danza, seres fantásticos, disfraces), construída sobre un enredo propio das comedias de capa e espada. Calderón adapta nesta peza a temática cabaleiresca ao seu propio contexto teatral e crea un xogo palaciano de aires carnalescos no que o Barroco se descubre a sí mesmo a través dun Medievo soñado polo Renacemento.

A princesa Lindabridis, para herdar o trono de Tartaria, deberá casarse cun cabaleiro que venza ao seu irmá Meridián nun torneo. Para elo, na busca do marido que mellor se axuste ás súas necesidades, viaxa polo mundo nun castelo voador.

Compañía: Nao d'amores
Dirección: Ana Zamora
Destinado a: Público adulto
Presentación: 2024

Procedencia: Castela-León
Autoría: Calderón de la Barca
Estrea: Estrea en Galicia
Duración: 80'

Intérpretes:
Miguel Ángel Amor, Mikel Arostegui, Alfonso Barreno, Alba Fresno, Inés González, Paula Iwasaki, Alejandro Pau, Isabel Zamora

Versión e dirección: Ana Zamora
Asesor de verso: Vicente Fuentes e Fuentes de la Voz
Arranxos, dirección musical: Miguel Ángel López, M^a Alejandra Saturno
Vestuario: Deborah Macías (AAPEE)
Escenografía: David Faraco, Cecilia Molano
Iluminación: Miguel Ángel Camacho
Coreografía: Javier García Ávila
Traballo de obxectos: David Faraco
Asesor de movemento: Fabio Mangolini
Asesor de danza barroca: Jaime Puente
Asesor de armas: José Luis Massó (AAPEE)
Axudante de dirección: Álvaro Nogales
Axudante de escenografía: Almudena Bautista
Axudante de vestuario: Victoria Carro
Realización de escenografía: Purple Servicios Creativos
Realización de vestuario: Maribel Rodríguez, Ángeles Marín
Realización de utilería: Miguel Ángel Infante, Paco Cuero
Pintura escenográfica: Nuria Obispo
Prensa: Josi Cortés
Técnico maquinista: Juan Manuel Román
Dirección técnica: Fernando Herranz



EL VERDUGO

VENRES, 28 XUÑO 2024 22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA

O autor e director Ángel Calvente, cun selo absolutamente propio e da man da súa compañía El Espejo Negro, creada en 1989 por el mesmo, soubo labrarse un camiño no difícil mundo do teatro, creando escola dentro do panorama teatral español, sobre todo no mundo das marionetas. A compañía foi avalada e premiada por crítica e o público a través das súas montaxes, que pasaron por programacións e festivais de Europa, América e Asia. Teñen no seu palmarés tres Premios Max, en 2009, 2012 e 2022.

José Luis é un xoven apoucado que traballa nunha funeraria. Un día durante un servizo nun cárcere coñece a un verdugo chamado Amadeo. Por culpa do destino e un maletín, José Luis coñece a Carmen, filla de Amadeo. Conxénian rapidamente e despois de ser sorprendidos polo pai, en plena intimidade amorosa, vense na obriga de casar. Nese mesmo momento, un padroado oficial concédelle a Amadeo unha vivenda onde poder residir xunto á parella de recén casados que, ademáis, espera un fillo. Pero, chegada a xubilación, todos deberán abandonar a casa, salvo que o seu xenro herde o seu cargo e se converta, tamén, en verdugo. Presionado polo sogro e a súa muller e resistíndose á idea, José Luis remata por aceptar, na crenza de que non vai ter que levar a cabo ningunha execución.

1 Premio Festival de Teatro Ciudad de Palencia 2023

4 Premios Lorca 2024

5 Premios Ateneo de Teatro de Málaga 2023

Compañía: El espejo negro

Procedencia: Andalucía

Dirección e adaptación: Ángel Calvente

Autoría: José Luis García Berlanga e Rafael Azcona

Destinado a: Público adulto **Presentación:** 2023

Duración: 90'

Intérpretes:

José Vera, Carlos Cuadros, Laín Calvente, Susana Almahano

Técnico luz e son: Adrián Alcaide

Composición banda sonora: Miguel Olmedo

Producción musical: Laín Calvente

Diseño e construción marionetas: Ángel Calvente

Diseño iluminación e programación: Laín Calvente

Diseño proxecto Qlab e axudante de iluminación: Adrián Alcaide

Vestuario marionetas: Carmen Ledesma e Elisa Postigo

Animación, fondos e ilustración cartel: Vicente Martín (Vicen)

Asistente de animación: Ricardo Almondríguez

Diseño escenografía: Ángel Calvente

Voz en off cura: Juanma Lara

Rexedor e axudante técnico: Laín Calvente

Atrezzo: Carmen Luna, Ángel Calvente e Pablo Catalá.

Voces tema musical garrote vil: Escuela de Canto Alba Bermejo: Luna García, Adriana Garrido e María Suli Sánchez

Filmación, montaxe e edición espectáculo: Salvador Blanco

Construción escenografía: Mambo decorados e Xevi Planas

Diseño gráfico: Carlos Javier Calvente e Ángel Calvente

Fotos espectáculo: José Luis Gutiérrez

Unha coprodución de El espejo negro Ángel Calvente, S.L. e Teatro del Soho Caixabank



PASSPORT

SÁBADO, 29 XUÑO 2024 22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA

Yllana naceu en 1991 como compañía de teatro de humor xestual, aínda que ao longo da súa traxectoria diversificou a súa actividade, ofrecendo distintas propostas no mundo das artes escénicas e do audiovisual. Levan producidas máis de 20 montaxes, percorreron máis de 30 países e realizaron máis de 2000 representacións con preto de millón e medio de espectadores. A súa aposta céntrase no humor sen palabras e caracterízase pola profesionalidade e complicidade en todos os seus espectáculos. Yllana está moi consolidada no sector teatral, e recibiu infinidade de premios e recoñecementos.

Passport é a historia de catro cómicos de xira por un país que se chama Komedistan. Os problemas na aduana para entrar no país, o conflito co idioma nun restaurante, hospedarse nun hotel desastroso e o antes e despois dunha función resumen a experiencia de traballar no estranxeiro.

PASSPORT é unha homenaxe ás compañías de teatro e ás súas divertidas aventuras polo mundo. Con sketches doutros espectáculos e novos tamén, en PASSPORT, catro cómicos lévannos a unha delirante viaxe polos cinco continentes, ademais de retratar de forma disparatada as mil e unha anécdotas nas súas odiseas en aeroportos, estacións de tren, furgonetas...

Comicidade vertixinosa sen palabras para todos os públicos.

Compañía: Yllana
Procedencia: Madrid
Dirección: Fidel Fernández
Autoría: Yllana
Destinado a: Público familiar
Presentación: 2020
Duración: 90'

Intérpretes:
César Maroto
Rubén Hernández
Susana Cortés
Edu Ferres

Idea Orixinal: Yllana
Dirección Artística: Fidel Fernández
Atrecista: Gonzalo Gatica
Deseño de iluminación: Paco Rapado

Palace Theatre, Nova York, 28 febreiro 1920.

A. Lewis: Damas e cabaleiros! Non hai historia de amor máis fermosa na historia que a devoción e lealdade a Helen Keller da súa Mestra, esa nobre muller que foi a súa constante compañeira desde que Helen Keller tiña sete anos. Teño a honra de presentar á Mestra de Helen Keller, a señora Anne Sullivan Macy!



HELEN KELLER, A MULLER MARABILLA?



DOMINGO, 30 XUÑO 2024 22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA
OBRA EN LINGUA ORAL, GALEGO, E LINGUA DE SIGNOS LSE. CONTA CON SERVIZO DE AUTODESCRICIÓN

Chévere é unha compañía de axitación teatral con máis de 30 anos de traballo ao lombo, que soubo manter con naturalidade unha proposta escénica tan irreverente como xenuína. En 2014 recibiu o Premio Nacional de Teatro, polo seu compromiso social e cultural e pola súa coherente traxectoria de creación colectiva, transgresión de xéneros e conexión crítica coa realidade. Chévere conserva un núcleo artístico estable (Miguel de Lira, Xesús Ron, Patricia de Lorenzo) e mantén unha ampla rede de colaboracións con decenas de profesionais de distintas procedencias xeográficas, xeracionais e creativas.

Todo comeza ao descubrir unha muller, totalmente descoñecida para nós, chamada Helen Keller. Nacida en Tuscumbia (Alabama), convértese nunha celebridade mundial ao ser, segundo as fontes oficiais, a primeira persoa xordocega en obter un título universitario en 1904 en Harvard, despois dun duro proceso de aprendizaxe desde os oito anos. Polo menos esta é a parte da súa vida que fica na memoria colectiva, como un exemplo de superación da discapacidade. E polo que sabemos, a maioría dos seus escritos acaban rescatados como simples aforismos motivacionais. Pero ao investigar en varios arquivos dixitais norteamericanos imos descubrindo outras facetas desconcertantes da súa vida, que son sistematicamente ocultadas. E o máis sorprendente, nos últimos anos espállase polas redes sociais unha campaña que afirma que Helen Keller é un fake, incluíndo unha petición en charge.org para eliminala da historia.

Compañía: Grupo Chévere
Dirección: Xron
Destinado a: Público adulto
Duración: 80'

Procedencia: Galicia
Autoría: Chévere
Presentación: 2024

Intérpretes:
Patricia de Lorenzo, Chusa Pérez de Vallejo, Ángela Ibáñez

Dramaturxia e dirección: Xron
Comunicación: Xana García
Espazo sonoro: Xacobe Martínez Antelo
Iluminación: Fidel Vázquez
Produción executiva: Patricia de Lorenzo
Axudantía de dirección: Borja Fernández
Gráfica: Tristán Ron

Espazo audiovisual: Lucía Estévez
Espazo escénico: Nononon.lab
Distribución: Cremilo / Carlos M. Carbonell
Vestuario: Uxía Vaello
Idea orixinal: Chusa Pérez de Vallejo
Creación: Chévere

Asesoramento e apoio en inclusión: Chusa Pérez de Vallejo
Produción, administración: Inés Portela
Asesoramento en lingua de signos: Ramón Costoya Lens
Adaptación a LSE: Ángela Ibáñez, Chusa Pérez de Vallejo
Programador subtítulos: Iñaki Ruiz
Prints: Antía Martín

Audiodescripción: Nieves García, Susana Longueira

Unha co-produción de Chévere co Centro Dramático Nacional e co Teatre Lliure, con apoio de AGADIC/Xunta de Galicia.

Colaboran: CDG, Concello de Ames, ONCE, Sala Ártika.

Agradacementos: Julia Fernández-Nieto, Vida Bajo Fernández, Irene Iñiguez, Cloti Vaello, Tomás Rábanos, Sara Crespo, José Portela, Elena, Sergio e Ainhoa, Magdalena Pérez de Vallejo, Jorge Bandín.

#TEATRO NO AUDITORIO 09



VIII TORNEO DE DRAMATURXIA DE GALICIA

MARTES, 02 XULLO 2024 22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA

O Torneo de Dramaturxia de Galicia consolídase como unha aposta firme da MITCFC para dar a coñecer a nosa dramaturxia, creando un nexo directo entre autoras/es e público. Este proxecto, pioneiro en Galicia, conta coa imprescindible colaboración de DramaturGA, a primeira asociación profesional da dramaturxia galega. A Asociación Galega de Dramaturxia é a plataforma das autoras e autores dramáticos de Galicia. Naceu no ano 2015 coa intención de mellorar, defender e velar polas condicións laborais das profesionais do sector e visibilizar a dramaturxia galega.

Unha mestra de cerimonias única presentará este furioso combate no que catro recoñecidas dramaturGAS e dramaturGOS de Galicia bátense na procura do voto do público.

As armas a usar? Retruques da palabra, ideas, ritmos, conflitos, sorpresas, accións, silencios. O público asistirá a catro lecturas dramatizadas, interpretadas por actrices e actores profesionais de recoñecido prestixio, e será o propio público quen vote os textos que máis lles teñan gustado para que, de entre as catro pezas participantes, resulte unha soa a gañadora.

Un espectáculo teatral, divertido e único que se verá avivado pola participación activa do público.

Mestra de Cerimonias: Deborah Vukusic.

COMBATENTES TORNEO 2024

Borja Fernández. Navalla multiusos nisto das artes vivas, comezou na Sala Nasa alá polo 2000. Cando lle deixan, actúa, dirixe ou escribe. Ten un máster de dramaturxia no estranxeiro sen apostilar, unha tese sen publicar e unha licenciatura asinada polo rei emérito. Nos últimos cinco anos viviu en catro países dos dous hemisferios simulando outras vidas. Actualmente non ten débedas con facenda.

Cris Balboa. Creadora galega que ten como motor a presentación escénica do absurdo cotián na procura dun diálogo xeracional onde na súa proposta artística se mesturan palabra, acción, danza, audiovisuais e música. Promotora da Compañía Funboa Escénica. No 2023 realizou unha Residencia Dramática no CDN para a creación do texto do seu proxecto Roland mon amour. Actualmente está inmersa na creación da súa nova peza Sinte que recibiu na Residencia Paraíso 2024.

Gustavo del Río. Director de escena, dramaturgo e docente teatral, con máis de vinte anos de experiencia nas artes escénicas. Director da compañía Os Náufragos teatro, leva a cabo un labor de dramaturxia dando visibilidade a temáticas de contido social. Na Coruña dirixe a Escola ON de teatro.

Teresa González Costa. Teresa é d'Ogrove. Agora mesmo vive entre Galicia e os Pirineos Atlánticos, escribindo, actuando, achegándose á vida das abellas e plantando árbores nas montañas. Tamén loita obstinadamente por aprender o éuscaro.



A IDADE DO CACIFO

XOVES, 04 XULLO 2024 22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA

Peripecia Teatro, fundada no 2004, somos un colectivo que cre que a arte non é só entretemento. Creamos na arte como un camiño para atoparnos a nós mesmos, así como o noso papel na aldea, no barrio, na cidade, no mundo e no espazo infinito que se comproba existe no ceo exterior. Nesta complexidade de mundos, exteriores e interiores, creamos que a arte desempeña un papel indispensábel para que todos teñamos o (noso) mellor mundo. En máis dunha década e media de actividade continua presentamos o noso traballo en numerosos teatros, salas independentes, festivais, prazas de cidades e aldeas de países como Portugal, España, Brasil, Arxentina, Francia e Cabo Verde.

A peza mergúllase no mundo da adolescencia, que vive murada por regras impostas por adultos: pais, profesores, escola, estereotipos ou os seus propios conflitos interiores, medos e anhelos. Durante 70 minutos, seguimos, ora en apneia, ora nun respirar de riso. Desfilando medos, anhelos, dilemas, conflitos propios e cos demais. A música e o canto ditan a tensión emocional, o conflito interior e expresan a rebeldía, a necesidade de provocar, de se expresar e de se afirmar. "A idade do Cacifo" é unha alianza do cómico e o serio (moi serio!), o desexo de deixar pouco por dicir e, ao tempo, de apuntar co dedo e cauterizar feridas, é o espello en que nos vemos mozos e adultos, o efecto catártico chega coa gargallada e o enfrontamento.

Compañía: PERIPECIA TEATRO

Procedencia: Portugal

Dirección: José Carlos García e Sérgio Agostinho

Autoría: Élio Ferreira, Filipe Moreira, José Carlos García, Noelia Dominguez, Sérgio Agostinho, Tiago Santos

Destinado a: Público xuvenil

Estrea: Estrea en Galicia

Presentación: 2023

Duración: 70'

Intérpretes:

Élio Ferreira

Noelia Domínguez

Sérgio Agostinho

Tiago Santos.

Música orixinal en directo: Tiago Santos

Dirección e creación: José C. García e Sérgio Agostinho

Dirección técnica, deseño de luz e Son: Nuno Tomás

Figurinos: Cláudia Ribeiro (con José C. García)

Escenario e maquinaria de escena: André Rodrigues

Dirección de produción: Sérgio Agostinho e Noelia Domínguez

Axudante de produción: Patrícia Ferreira

Dirección de produción: Sérgio Agostinho e Noelia Domínguez

Axudante produción: Patrícia Ferreira

Deseño gráfico e comunicación: Alexandra Teixeira

Fotografía: Lino Silva

Vídeo: José Miguel Pires



REDES

VENRES, 05 XULLO 2024 22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA

Las Ansiadas Producciones nace en 1997 froito da paixón por facer teatro, como lugar de encontro onde poder construír unha sociedade máis humana, crítica e pracenteira. A compañía busca un constante diálogo co seu entorno social, político e persoal, establecendo relacións escénicas textuais, coreográficas e xestuais desde o movemento, a palabra e o autobiográfico, para situarse nas liñas que separan o teatro da vida, a ficción da realidade, coa premisa de converter a práctica escénica nun atrevemento que abrace a potencia do fracaso para desde aí tentar sortear as fórmulas xa establecidas.

Redes é un exercicio de teatro xestual ao máximo nivel. Desde o movemento, a comedia e o audiovisual, Las Ansiadas Producciones achegan unha proposta realmente interesante sobre o modo no que estamos conectadas. Un ser descoñecido que provén dun obxecto non identificado e dun lugar incerto vén para amosar o camiño cara a "verdade", a historia dun humano calquera, coas súas necesidades, os seus desexos, soños e intereses vitais a modo de espello da vida de cada un de nós. Que sensacións emerxen cando vemos cara a cara a nosa realidade? Somos donos dos nosos propios desexos? Somos propietarios dos nosos soños? Somos realmente o que dicimos ser? Que pasará cando nos deamos de conta de que estamos sostidos por fíos invisibles? Que pasará cando queiramos cortar eses fíos?

Compañía: Las Ansiadas Producciones

Procedencia: Madrid

Dirección: José Piris

Autoría: Las Ansiadas Producciones

Destinado a: Público adulto

Estrea: Estrea en Galicia

Presentación: 2020

Duración: 60'

Interpretación:

José Luis Montiel Chaves

Dirección: José Piris Pereda

Produción: EMOVERE Teatro

Coprodución: El Vodevil (Pepa Viyuela y Elena González)

Axudante de dirección: Camila Viyuela González

Diseño de iluminación: Ángel Cantizani

Diseño de son: David Roldán Oru

Escenografía e vestuario: Paloma De Alba Chaves

Diseño gráfico: Mario Ruz

Títeres: Emilio Samino

Utilería: Helena Argüello



FEÍSIMA ENFERMEDAD Y MUY TRISTE MUERTE DE LA REINA ISABEL I

SÁBADO, 06 XULLO 2024 22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA

En 2010 un grupo de amigos recentemente saídos do Institut del Teatre deciden que nin o panorama de crise nin a falta de recursos vains disuadir de facer o teatro que queren facer: un teatro ambicioso, comprometido, que aborde con humor as problemáticas máis serias e no que todas as linguaxes que interveñen no feito teatral estean tratadas coa mesma profundidade. Desde entón La Calòrica estreou nove espectáculos ademais de diversas pezas curtas e colaboracións especiais.

Despois dunha vida de vitorias que a levaron a se converter na soberana máis temida e poderosa da cristiandade, a raíña Isabel I vive os seus derradeiros días sen saber quen a vai suceder no trono e continuará o seu proxecto. Moitos dos seus fillos xa morreron, outros sofren o trato inxurioso dos seus cónxuxes, só queda unha cabeza neste mundo que poda cingirse a coroa de Castela: A cabeza perturbada da princesa Juana.

Feísima Enfermedad y muy triste muerte de la reina Isabel I (Teatre Lliure 2020) é unha nova versión da que fora, dez anos atrás, a primeira obra de La Calòrica. Unha traxicomedia grotesca sobre a fame de poder e a ridícula brevidade da vida.

III Premis Teatre Barcelona 19/20, mellor actor de reparto: Xavi Francés

Compañía: La Calòrica
Dirección: Israel Solà
Destinado a: Público adulto
Duración: 70'

Procedencia: Cataluña
Autoría: Joan Yago
Presentación: 2020

Intérpretes:
Xavi Francés, Aitor Galisteo-Rocher, Esther López, Carla Rovira Pitarch, Marc Rius e Júlia Truyol/Cristina Arenas

Dramaturxia: Joan Yago
Dirección: Israel Solà
Escenografía e vestiario: Albert Pascual
Caracterización: Anna Rosillo
Iluminación: Sam Lee
Espazo sonoro: Guillem Rodríguez
Música: Jan Fité
Axudanta de dirección: Julia Valdivieso
Axudanta de escenografía e vestiario: Joana Martí
Xefe técnico: Josep Sánchez-Rico
Produción executiva: Marián Díaz Comas
Xefa de produción: Macarena García
Produción en xira: Roser Soler
Construcción da escenografía: Carles Piera
Confeción de vestiario: Albert Pacual e Joana Martí

Agradecementos: M. Àngela Angelats, Pere Sànchez, Hilari Teixidó, Anna Mundet, Pol Solsona, Chelo García, Rocío Manzano, Montserrat Nogué e un agradecemento especial a Mercè Boher, Gerard Orobítg, Carmen Padró, Adriana Parra, Marta Soto e Daniel Ventosa, por levantar con nós a primeira Feísima



PERHAPS, PERHAPS... QUIZÁS

DOMINGO, 07 XULLO 2024 21:00 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA

Gabriela Muñoz ten experiencia en teatro, circo e ópera. Inspirada por estas tres linguaxes, crea o seu propio universo. Foi galardoada co Premio á Mellor Actuación e Mellor Espectáculo no Festival Fringe de Nueva Zelanda. Recibiu a medalla ao Mérito Internacional por Promoción Cultural por parte do Congreso da CDMX. Nomeada aos Premios Ciudad de México na categoría Actividade Escénica. Colaborou con artistas como a directora de orquestra, Alondra de la Parra, a compositora, cantante e actriz, Natalia Lafourcade e o fotógrafo, Joel Peter Witkin.

"Perhaps, Perhaps... Quizás", é un espectáculo de clown que xoga coa idea da espera, da ilusión por atopar ao home "perfecto" e da soidade a que isto nos leva cando un mesmo é tan imperfecto.

Nunha época na que a presión do tempo e a falta de esperanza nun mesmo son tan inminentes, a nosa protagonista, Greta, ensaia unha vez á semana o gran día, o día da voda. Terá sorte esta noite? Quizais, quizais, quizais...

Premios ao mellor show e á mellor actriz no New Zealand Fringe Festival 2016.

Compañía: Chula The Clown

Procedencia: México

Dirección: Gabriela Muñoz

Autoría: Gabriela Muñoz

Destinado a: Público adulto

Estrea: Estrea en Galicia

Presentación: 2024

Duración: 60'

Creado, dirixido e interpretado por Gabriela Muñoz

Diseño de vestuario: Valentina Muñoz

Diseño de arte e escenografía: Gabriela Muñoz e Valentina Muñoz

Música orixinal: Ernesto Paredano

Director técnico: Sampo Kurppa

Fotografía: Gemma Tweedie

Booking: Aurora Nova Berlín

#TEATRO NA RÚA E #ESPAZOS ALTERNATIVOS

27-28-29-30 XUÑO · RÚAS DE CANGAS, MOAÑA E PASEO DE ALDÁN

LILICLETA DISCO AMBULANTE

LILICLETA DISCOCINE AMBULANTE

27-28 XUÑO · VESTÍBULO AUDITORIO MUNICIPAL E RÚAS DE CANGAS

OPEN DOOR

PERE HOSTA

VENRES, 28 XUÑO 20:00 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

SOBRE O EXTRAVÍO OU A ARTE DE PERDERSE

FURIA SOTELO

VENRES, 28 XUÑO 20:30 · O HÍO | MÉRCORES, 03 XULLO 20:30 · PRAZA DA CONSTITUCIÓN

O ÚLTIMO QUE APAGUE A LUZ

A VELA CIRCO

SÁBADO, 29 XUÑO 20:30 · XARDÍNS DO SEÑAL | DOMINGO, 30 XUÑO 20:30 · ADRO DE DARBO

ROGELIO III (LA FÊTE)

ASSIRCÓPATAS · COPRODUCE MITCFC

DOMINGO, 30 XUÑO 20:30 · PRAZA DA CONSTITUCIÓN

A UTÓPICA RODANTE “DE VILATRISTE A VILALEGRE”

TEATRO Ó CUBO · COPRODUCE CDG

MARTES, 02 XULLO 20:30 · PRAZA DA CONSTITUCIÓN

LATEXO

PISTACATRO · COPRODUCE MITCFC

04-05 XULLO · PRAZA DO COSTAL E O HÍO

FRÀGIL

CIA. MARÍA ANDRÉS

VENRES, 05 XULLO 20:30 · PRAZA DA CONSTITUCIÓN

RUAR

VACABURRA · COPRODUCE MITCFC

SÁBADO, 06 XULLO 20:00 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

CANCHAL 11. SOBRE ENSALLE, JUAN NAVARRO E TERRORISMO DE AUTOR

ENSALLE · COPRODUCE MITCFC





LILICLETA DISCO AMBULANTE

XOVES, 27 XUÑO 2024 19:30 · RÚAS DE CANGAS

VENRES, 28 XUÑO 2024 11:30 · RÚAS DE CANGAS

SÁBADO, 29 XUÑO 2024 12:00 MERCADO MOAÑA, 19:30 · PASEO DE ALDÁN

DOMINGO, 30 XUÑO 2024 19:30 · RÚAS DE CANGAS

Compañía: Lilicleta DiscoCine Ambulante

Procedencia: Galicia

Destinado a: Público familiar

Presentación: 2024

Duración: 120'

Lilicleta DiscoCine Ambulante é unha compañía de espectáculos de música e cine a pedais.

A "Lilicleta Disco Ambulante" é un espectáculo de música, lembranzas e moito humor desde un antigo triciclo de repartición de leite, reciclado agora nunha discoteca a pedais, a "Lilicleta" percorrera as ruas de Cangas, Moaña e Aldán para anunciar o comezo da 41 edición do MITCFC e informar ao público dos diferentes espectáculos deste festival.

Dirección, autoría e interpretación: Fernando Pujalte Vidal



OPEN DOOR

XOVES, 27 XUÑO 2024 20:30 · VESTÍBULO AUDITORIO MUNICIPAL

VENRES, 28 XUÑO 2024 12:30 E 20:30 · FEIRÓN E CENTRO CANGAS

Compañía: Pere Hosta

Procedencia: Cataluña

Destinado a: Público familiar

Estrea: Estrea en Galicia

Presentación: 2016

Duración: 35'

A procura do pallaso cotián é o camiño que emprendeu a compañía para explicar a súa particular observación do mundo a partir de xestos e comportamentos humanos. Fronte á incomunicación e a soidade, como signos dos nosos tempos, apostan por descubrírnos o optimismo e o humor escondidos na rutina do aburrimiento.

Aparece unha porta da nada, que gran oportunidade para abri-la! ...e saber que hai alén. Pero resulta que do outro lado tamén estamos nós, a nosa vida de cada día e tamén un personaxe excéntrico, curioso, surrealista e en momentos enxeñoso que trae a porta e déixaa aquí e alá coa necesidade de transportala divertíndose. Coa simplicidade da porta, transportáranos a lugares onde o imaxinario entra e sae. Pasen a través da porta para poder vivir de maneira diferente a rúa de cada día e facer o cotián sorprendente.

Idea e Creación: Pere Hosta

Dirección escénica: Sophie Borthwick

Axudante de dirección: Helena Escobar

Clown: Pere Hosta

Escenografía: Pep Aymerich

Vestuario: Carme Puidevall i Plantés

Deseño gráfico: SopaGraphics

Agradecementos: Lu Arroyo

Co apoio de: Ajuntament de Xirona – Kreas 2015, Diputació de Xirona

Colabora: Festival Claca, Centre Cívic Barri Vell-Mercadal



SOBRE O EXTRAVÍO OU A ARTE DE PERDERSE

VENRES, 28 XUÑO 2024 20:00 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

Compañía: Furia Sotelo

Procedencia: Galicia

Destinado a: Público adulto

Estrea: Estrea absoluta

Duración: 50'

Furia Sotelo é a transformación de Licenciada Sotelo dentro dunha lóxica mutación vital e artística. Licenciada Sotelo aparece en 2010 como contedor dos traballos promovidos por Nuria Sotelo, na procura dunha linguaxe escénica ecléctica e multidisciplinar, dirixida a todo o organismo do espectador. Co corpo e o movemento como centro e enriquecéndose de distintas disciplinas e colaboracións con artistas do ámbito da danza, música, artes visuais e do pensamento.

Un só de danza sobre a importancia do lugar, sobre o que non se ve pero está, sobre o esquecemento necesario e a arte de perder. Ou de perderse. Como se empeza? Como se empeza despois de dicir que quizais chegou o momento de calarnos?. Empézase polo lugar. Se o lugar é camiñable, favorécese o tránsito, chegará un momento no que o camiñante deambule, se detéña, se despiste e con sorte se extravié e chegue onde non previra.

Dirección e autoría: Ana Vallés

Intérprete: Nuria Sotelo

Deseño de iluminación: Laura Iturralde

Técnico de luz: Coco

Producción: Furia Sotelo

Distribución: Amarelo

Comunicación: A&B comunicación

Fotografía e vídeo: Rubén Vilanova

O ÚLTIMO QUE APAGUE A LUZ

VENRES, 28 XUÑO 2024 20:30 · O HÍO

MÉRCORES, 03 XULLO 2024 20:30 · PRAZA DA CONSTITUCIÓN

Compañía: A Vela Circo

Procedencia: Galicia

Destinado a: Público familiar

Presentación: 2023

Duración: 50'

Santiago Montero e Ana Cuervas, cruzámonos nun laboratorio circense, no que comezamos a sentir esa sensación de gozo, extraendo a técnica dende a emoción e deixándonos levar polos nosos verdadeiros impulsos. Tomando o tempo necesario para a investigación, descubríndonos como parella, izamos as velas do noso barco e comezamos a navegar, sen rumbo, co vento a favor.

Co acordo das nosas familias do circo e respectando as tradicións, preguntámonos: si dous pallasos casasen, qué acontecería? Dende o humor e o circo, este espectáculo colle como punto de partida o universo creado por dous pallasos que deciden casar. Qué pode acontecer? Esta aloucada cerimonia faranos reflexionar sobre o porqué de certas tradicións. Esnaquizarán a torta e comerán o ramo?. A través do movemento e o circo aparecerán as historias máis cómicas que podas imaxinar. Neste ritual, como en toda gran voda, mesturanse o clown, equilibrios sobre torta, manipulación de obxectos entre velos e o lanzamento olímpico do ramo.

Elenco: Ana Cuervas, Santiago Montero

Idea orixinal: A Vela Circo, Ignacio Herrero


Director: Walter Velázquez

Coordinador e director artístico: Ignacio Guerrero

Vestuario: Alejandra Astrada, Yoli Urquiza

Acompañamento artístico: Natalia Outeiro "Pajarito"

Deseño e imaxe: Jesús Graña



ROGELIO III (LA FÊTE)

SÁBADO, 29 XUÑO 2024 20:30 · XARDÍNS DO SEÑAL

DOMINGO, 30 XUÑO 2024 20:30 · ADRO DE DARBO

Compañía: Assircópatas · Coprodúce MITCFC Procedencia: Galicia
Destinado a: Público familiar Estrea: Estrea absoluta
Duración: 55'

Assircópatas compañía de circo, clown e teatro xestual de Cangas do Morrazo foi fundada en 2003. Baixo este nome traballa Dani Blanco, agora en solitario. Con 8 espectáculos de circo ás súas costas mergullouse, tamén, no teatro de improvisación e na narración oral. Participou en festivais de todo o mundo: Holanda, Palestina, Colombia, etc, cos seus espectáculos, sempre caracterizados pola mestura do clown co teatro máis social e reivindicativo, levando á escena a traxicomedia da vida.

Este espectáculo pecha a triloxía da soidade. Rogelio está de aniversario. Pero está el só. Está todo listo: agasallos, karaoke, só faltan os seus amigos. Hai que esperar. Na vida hai que saber esperar. Agora non están porque non viñeron, pero cando veñan xa van estar. Pero tamén podemos divertirnos mentres esperamos. A traxicomedia da vida. Un espectáculo de clown, no que faremos a rir, mesturado co mellor circo.

Dirección: Natalia Outeiro "Pajarito"
Actor: Dani Blanco
Escenografía: Dani Keller
Vestuario: María Dobronich
Voz en off: Antón Coucheiro



CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
EN COPRODUCCIÓN CON TEATRO Ó CUBO



texto orixinal Roi Vidal Ponte
dirección Sofía Espiñeira e Roberto C. Mouríño
Elenco: Uxía Algarra Cajide e Roberto Casal Mouríño

Escenografía Beatriz de Vega | Vestuario Carmen Pichel | Música Brais das Hortas

XIRA 40º ANIVERSARIO DO CDG POR MÁIS DE 100 CONCELLOS GALEGOS



A UTÓPICA RODANTE "DE VILATRISTE A VILALEGRE"


DOMINGO, 30 XUÑO 2024 20:30 · PRAZA DA CONSTITUCIÓN

Compañía: TEATRO Ó CUBO · Coprodúce CDG Procedencia: Galicia
Destinado a: Público familiar Presentación: 2024
Duración: 50'

TEATRO Ó CUBO en coprodución co Centro Dramático Galego aposta por dar o protagonismo aos monicreques neste reto escénico coa teima de sempre: que persoas de todas as idades poidan gozar das súas propostas. Beatriz Vega encárgase do deseño e a plástica, Roi Vidal crea unha disparatada trama na que se mestura identidade rural galega, superpoderes e 40 anos de Centro Dramático Galego. O resultado é unha divertida peza de títeres que percorre Galiza a bordo da "Utópica Rodante", un vehículo que transportará o teatro por todos eses concellos que ousen acoller esta intrépida proposta.

Trepas é o alcume dun xoven habitante de Vilatriste enredado inesperadamente nunha singular aventura: salvar a vila das fauces dun malvado dirixente. Axudado por unha singular superheroína descubren a fórmula para vencer ao seu inimigo pero... funcionará?

Texto de Roi Vidal Ponte
Deseño e plástica de Beatriz de Vega
Interpretado por Uxía Algarra e Roberto Casal Mouríño
Co-Dirixido por Sofía Espiñeira e Roberto C Mouríño



LATEXO

MARTES, 02 XULLO 2024 20:30 · PRAZA DA CONSTITUCIÓN

Compañía: Pistacatro · Coproduce MITCFC
Destinado a: Público xuvenil
Presentación: 2024

Procedencia: Galicia
Estrea: Estrea absoluta
Duración: 60'

PISTACATRO é a compañía e a produtora de Circo máis relevante das Artes Vivas en Galicia. Distribúe as súas propias producións ou algunhas outras que nacen da matriz creativa do proxecto Circonove, así como aquelas que consideramos importantes baixo criterios de calidade e interese cultural. Tras case 18 anos desde a súa constitución, no ano 2006, Pistacatro pretende continuar asentándose como a produtora decana das novas correntes circenses en Galicia, abrindo novos mercados e públicos.

Dous pallasos enfermos alborotan na rúa, discuten entre eles, rinse das súas cousas, cóidanse mutuamente. Van ao Centro de Autosaúde instalado na praza a facerse o seu chequeo médico e a buscar os seus medicamentos. Pero ese día calquera convertírase nunha sucesión de enredos, tropezos, accidentes, operacións de urxencia e procesos de rehabilitación, que lles conducirá a unha decisión sen retorno. Vale a pena seguir vivindo así? Coa linguaxe do clown, do slapstick, da música, dos malabares e do circo, Latexo constrúe canto á vida e á amizade, unha exaltación da risa e das ganas de vivir, que plantexa a cuestión da morte digna a través da mirada limpa e lúdica dos pallasos.

Dirección Artística: Antón Coucheiro
Idea Orixinal: Aitor Garuz/Pistacatro
Elenco: Aitor Garuz, Jano Costas
Escenografía: Jose Perozo
Vestuario: Carlos Alonso
Música: Nacho Muñoz



FRÀGIL

XOVES, 04 XULLO 2024 20:30 · PRAZA DO COSTAL

VENRES, 05 XULLO 2024 20:30 · O HÍO

Compañía: Cia. Maria Andrés
Destinado a: Público familiar
Presentación: 2017

Procedencia: Valencia
Estrea: Estrea en Galicia
Duración: 60'

A Cia. Maria Andrés é unha compañía emerxente que leva desde 2017 investigando a arte do clown, o xesto e a poesía visual. Xerando espazos onde o persoal vólvese artístico. Durante estes anos xirou por salas e festivais a nivel nacional e internacional, traballando con detalle e amor para contar historias que toquen o corazón dos espectadores, facéndolles rir e chorar de emoción.

Caerse e levantarse. Caerse e levantarse. Caerse e levantarse. E, no medio de todo iso, seguir soñando, seguir xogando e, sobre todo, seguir ríndonos de nós mesmos. Porque, entre caída e caída, quen non se namora?

Creación, dirección e dramaturxia: Maria Andrés
Mirada externa: Arturo Martín e Gemma Taberner
Vestuario: Elvira Bentloch
Deseño de luces: FJ Giménez



RUAR

VENRES, 05 XULLO 2024 20:30 · PRAZA DA CONSTITUCIÓN

Compañía: VACAburra · Coproduce MITCFC

Procedencia: Galicia

Destinado a: Público familiar

Estrea: Estrea absoluta

Duración: 20'

VACAburra é o resultado da colisión de dúas artistas, Andrea Quintana e Gena Baamonde quenes unen as súas inquietanzas e traxectorias nun proxecto común que xira en torno á creación escénica e coreográfica en clave contemporánea. O seu traballo está atravesado por unha mirada feminista do mundo co corpo como accionador principal das súas creacións, unha danza política co humor como ferramenta necesaria.

Ruar como un acto de investigación, saír do espazo privado, o paseo como un feito relevante, unha ensoñación que se pode converter nunha experiencia transformadora. Unha peza para paisaxes e paseantes que nace co desexo de vivir os espazos dun xeito diverso, redescubrir así o espazo público e devolverlle a poética á vida cotiá. Ruar como divertimento e como xogo, unha excursión de corpos libres, ouvidos abertos e sorriso gozoso. Un paseo escénico en forma de viaxe sonora danzada, un itinerario extraviado polo corpo, pola música e os sons.

Intérpretes: Andrea Quintana e Davide González

Coreografía: Andrea Quintana

Dirección: Gena Baamonde e Andrea Quintana

Espazo sonoro: Davide González

Vestuario: Gena Baamonde

Confección de vestuario: Chimpos

Distribución: Amarelo



CANCHAL 11. SOBRE ENSALLE, JUAN NAVARRO E TERRORISMO DE AUTOR

SÁBADO, 06 XULLO 2024 20:00 · SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL

Compañía: Ensalle · Coproduce MITCFC

Procedencia: Galicia

Destinado a: Público adulto

Estrea: Estrea absoluta

Duración: 70'

Colectivo de creación e investigación escénica contemporánea (Madrid, 1996) con sede en Vigo desde 2003, Ensalle é a suma dos creadores Raquel Hernández, Pedro Fresneda e Artús Rei e do seu percorrido conxunto desde 2005. As súas creacións próximas ao experimental, son o resultado dun traballo en continuidade levando á escena propostas híbridas que mesturan linguaxes cun contido socio-político-vitais.

Un espazo mutante intervindo polo colectivo de creación escénica Ensalle, Juan Navarro e Terrorismo de Autor. O traballo argumentase a través dun (falso catálogo de asuntos) como reacción á homoxeneidade temática das sociedades contemporáneas. Do mesmo xeito adquire relevancia o feito de que cada momento escénico sexa, valéndose do mesmo texto, unha peza distinta, pretendendo eludir o momento industrial polo que atravesan as artes vivas. Evitando o produto.

Autor: Pedro Fresneda

Con: Raquel Hernández, Artús Rei, Pedro Fresneda, Juan Navarro e Terrorismo de autor

Iluminación: Pedro Fresneda e Jaime Blai Beneito

Espazo sonoro: Juan Navarro e Pedro Fresneda

Producción executiva: Jorge Rúa

Producción en xira e distribución: María Costa

Coaching: Ultharino Fuentes

Fotografía: Elena Vázquez, María Costa



XXIV MULLERES EN ACCIÓN

MARTES, 25 XUÑO 17:00 · SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO

SINTE O MOVEMENTO

OBRADOIRO ADICAM

MÉRCORES, 26 XUÑO 19:00 · CAPELA DO HOSPITAL

4 PERFORMANCES

EXPOSICIÓN MARÍA RUIDO

MÉRCORES, 26 XUÑO 21:00 · AUDITORIO MUNICIPAL

LAS REGLAS DEL JUEGO

PROYECCIÓN E ENCONTRO CON MARÍA RUIDO

MÉRCORES, 26 XUÑO 22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL

PREMIO MULLERES EN ACCIÓN 2024

A MARÍA RUIDO

SÁBADO, 29 XUÑO 12:30 · LIBRARÍA WELLS

A ÚNICA, MARIA CASARÈS

PRESENTACIÓN DO LIBRO DE ANNE PLANTAGENET
POR BERTA OJEA



Sinte o movemento

Obradoiro de Danza e Body Weather
dirixido a socias de ADICAM

Imparte: Mark Torrecillas e María Move

SINTE O MOVEMENTO

MARTES, 25 XUÑO 2024 17:00 · SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL

Imparte: Mark Torrecillas, María Move

Tipo: Obradoiro

Duración: 180'

Procedencia: Galicia

Destinado a: Socias ADICAM

Mark Torrecillas (bailarín, aerialista e docente) e María Move (bailarina, música e osteópata), desenvolven a súa actividade común no campo da danza e as artes escénicas. Ambos son integrantes da Cía. SU.MA Circodanza e traballan en proxectos de docencia e acompañamento a través da música e o movemento.

O Body Weather bríndanos a oportunidade de conectar con diferentes aspectos da nosa estrutura e natureza corporal: os ósos, os músculos, os nervos... a través dunha práctica amable onde o corpo se move xunto á mente e as sensacións. Invítanos a entrar no movemento sen xuízos, a recoñecer o corpo na simplicidade da acción. Trátase dunha práctica de movemento a partires de imaxes e percepcións.

Neste obradoiro traballaremos a escoita individual, a sensibilidade e os espazos interiores e exteriores do noso corpo; o sentir rítmico e coordinado do mesmo, e o coidado con exercicios de estiramento e relaxación. Organizando e debuxando dende a propia experiencia, o espazo no que movernos e bailar.



4 PERFORMANCES DE MARÍA RUIDO

MÉRCORES, 26 XUÑO 2024 19:00 · CAPELA DO HOSPITAL

Autoría: María Ruido Procedencia: Galicia

Tipo: Exposición Duración: 26 Xuño-7 Xullo de 19:00 a 21.30H

María Ruído é artista visual, realizadora, investigadora e docente. Actualmente vive en Madrid e Barcelona, onde é profesora no Departamento de Imaxe da Universidade de Barcelona. Desde 1998 vén desenvolvendo proxectos interdisciplinares sobre a construción social do corpo e a identidade, os imaxinarios do traballo no capitalismo postfordista, e sobre a construción da memoria e as súas relacións coas formas narrativas da historia.

Ethics of care. Traballo sobre o control e a normalización, a instrumentalización do capital e a imposición de formas de produtividade a través do corpo, así como unha chamada á disolución dos límites entre o produtivo e o pracenteiro, entre o social e o doméstico.

Cronoloxía. Percorrido fragmentario por un libro de texto de historia contemporánea en paralelo a un percorrido polo meu propio corpo, marcado por algunhas das "grandes datas" da cultura occidental, a acción en vídeo "Cronoloxía" cuestiona os límites da radical separación entre a Historia e a historia (history/story).

Hansel e Gretel. Mediante a inxestión compulsiva de "piruletas", a acción fala do control social e familiar sobre os nosos corpos e actitudes a través da comida..

A voz humana. Traballo sobre a violencia da linguaxe, a utilización pública da palabra e a operatividade dos discursos construídos baixo premisas non consensuadas senón impostas. Este proxecto reflexiona sobre a voz das mulleres, non sempre propia e moitas veces mero reflexo de formas estereotipadas.

LAS REGLAS DEL JUEGO

MÉRCORES, 26 XUÑO 2024 21:00 · AUDITORIO MUNICIPAL

Autoría: María Ruido

Procedencia: Galicia


Tipo: Proxección e encontro coa directora

Duración: 60'

"Las reglas del juego" é unha conversa-performance en plano secuencia entre a escritora e activista, Brigitte Vasallo, e a artista, filmmaker e investigadora, María Ruido, sobre desclasamento, violencia institucional e performatividade de clase. Esta peza foi comisionada por Es Baluard (Museu d'art contemporani de Palma) e deu lugar a unha exposición individual do mesmo título entre marzo e agosto de 2022.

"Las reglas del juego" afonda nas dificultades, conflitos e contradicións de clase e de xénero que se producen no mundo laboral do ámbito artístico e cultural e como, desde unha perspectiva personal e íntima, inténtase darlles resposta.

Esta conversa parte da idea de que o desclasamento non é só gozar doutras condicións económicas e sociais, o desclasamento é, ademais, asumir certa normatividade que amputa a posibilidade de movemento interno, que cega e cancela algo que che pertence. O xesto e as linguaxes deben corresponderse con esa nova performatividade, plenamente política, que fala do lugar que debes ocupar.



PREMIO MULLERES EN ACCIÓN 2024

MÉRCORES, 26 XUÑO 2024 22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL

A María Ruido (Ourense, 1967)

En recoñecemento ao seu excelente labor artístico, no que utiliza a arte cinematográfica dun xeito orixinal, inexplorado e cunha linguaxe propia. María Ruido constrúe unha contranarrativa feminista e de clase coa que enfronta, con lucidez e talento, a narrativa capitalista e patriarcal, promotora de estereotipos que buscan colonizar o noso corpo, o noso xeito de ser, a nosa propia identidade. A súa obra invita á reflexión sobre o desclasamento, conflitos, dificultades e contradicións de xénero e de clase que acontecen no ámbito laboral, artístico e cultural. Ruido é unha auténtica Muller en Acción.

María Ruido é artista visual, realizadora, investigadora e docente. Actualmente vive en Madrid e Barcelona, onde é profesora no Departamento de Imaxe da Universidade de Barcelona.

Desde 1998 ven desenvolvendo proxectos interdisciplinares sobre a construción social do corpo e a identidade, os imaxinarios do traballo no capitalismo postfordista, e sobre a construción da memoria e as súas relacións coas formas narrativas da historia.

Entre as súas producións destacan os ensaios documentais "La memoria interior" (2002), "tiempo real" (2003), "Ficciones anfibias" (2005), "Plan Rosebud" (2008), "ElectroClass" (2011), "Le rêve est fini" (2014), "L'oeil impératif" (2015), "Mater Amatísima" (2017), "Estado de malestar" (2019) ou a conferencia-performance "Las reglas del juego" (2022).

Os seus traballos están presentes nas coleccións permanentes do MNCARS, MACBA, CA2M, CGAC ou no Arquivo OVNI.

A ÚNICA, MARIA CASARÈS

SÁBADO, 29 XUÑO 2024 12:30 · LIBRARÍA WELLS

Imparte: Berta Ojea

Autoría: Anne Plantagenet

Tipo: Presentación libro

Duración: 60'

Anne Plantagenet (Joigny, Francia, 1972). Escritora e tradutora. Doutora e Máster en Literatura Comparada pola Universidade da Sorbona de París. Viviu en Londres e Sevilla. Actualmente reside en París.

É autora de varios libros -entre eles, a biografía de Marilyn Monroe ou "Tres días en Orán" Ed. Siruela-. Traduciu ao francés a Irene Vallejo, Dolores Redondo, David Trueba, Almudena Grandes ou Juan Tallón.

En 2021 publicou en Francia a biografía "L'Unique, Maria Casarès", e en España, "La única, María Casares" Ed. Alba. En 2022, no Centenario do nacemento da actriz, publícase en galego, "A única. María Casarès". A biografía tamén foi publicada, recentemente, en Grecia.

Berta Ojea, actriz. Coeditora con Kalandraka da biografía en galego. Conta cunha longa carreira en cinema, series e teatro pola que recibiu, entre outros, o Premio Mestre Mateo 2023 á Mellor Actriz de Reparto. Traballou en producións nacionais e internacionais con directores como Enrique Otero, Guillermo del Toro, Jorge Coira, Javier Fesser, Philippe Lle Guay, Benito Zambrano, Alex de la Iglesia, Miguel Bardem, Carlos Alberti Riccelli... En series: Rapa, A Raíña do Sur, A Verdade, A Señora, A que se aveciña... Teatro: Amor de Don Perlimplin con Belisa no seu xardín, Antígona, Un Espírito Burlón, As Mozas do Calendario, Fuxidas, O manual da boa esposa, A discreta Namorada, Hipólito...

#EVENTOS

XOVES, 27 XUÑO 21:00 · AUDITORIO MUNICIPAL

PREGÓN INAUGURAL

PATRICIA VÁZQUEZ

XOVES, 27 XUÑO 19:00 · VESTÍBULO AUDITORIO

10 PASOS NA PROCURA DA VIDA, OBRA E PAIXÓN DE ROBERTO VIDAL BOLAÑO E HISTORIA GRÁFICA DA MITCFC

EXPOSICIÓNS

27 XUÑO - 07 XULLO · ANNAFIGUEIREDO.GAL

FÓRA DE PROGRAMA

ANNA R. FIGUEIREDO

DOMINGO, 30 XUÑO 23:30 · AUDITORIO MUNICIPAL

PREMIO XIRIA 2024

A HELEN KELLER. A MULLER MARABILLA? DO GRUPO CHÉVERE

LUNS, 01 XULLO - MARTES, 02 XULLO

I XORNADAS DE INCLUSIÓN E TEATRO

PROFESIONAIS E COLECTIVOS POLA INCLUSIÓN

LUNS, 01 XULLO · EIRADO DO COSTAL | AUDITORIO MUNICIPAL

MITCFC AMADORA

TEATRO AFECCIONADO

LUNS, 01 XULLO 2024 22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL

ANIMALIÑOS

ETC, ESCOLA DE TEATRO DE CANGAS

MARTES, 02 XULLO 10:00 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO

O CORPO ESCÉNICO

OBRADOIRO

XOVES, 04 XULLO 18:30 | SALÓN DE PLENOS CONCELLO

PYKA E AMANTIS

AS MÁSCARAS DE IBÁÑEZ

RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO TEATRAL DE GALIZA

PRESENTACIÓNS DE LIBROS E CHARLAS

VENRES, 05 XULLO 19:00 · SALÓN DE PLENOS CONCELLO

MEMORIA DO TEATRO GALEGO NA TRANSICIÓN

PRESENTACIÓN DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA



PREGÓN INAUGURAL DE PATRICIA VÁZQUEZ

XOVES, 27 XUÑO 2024 21:00 · AUDITORIO MUNICIPAL

Patricia Vázquez. Actriz

Compostelana de nacemento, leva máis de 30 anos neste oficio.

Rostro ben coñecido dos telespectadores galegos, polos seus traballos en series como "Padre Casares" ou "Era Visto".

Empezou como actriz no CDG, onde participou en varias producións como "Yerma", "Como en Irlanda", "A Lagarada" ou "O Ano do Cometa".

Ten traballado en outras compañías galegas, como Teatro da Lúa, Escola Dramática Galega, Teatro do Morcego, Redrum ou Contraproducións.

Actriz de grande vis cómica, que destaca nos papeis dramáticos, como na "Compañeira de piso" e, ultimamente, en Excéntricas Producións con "O porco de pé" ou "O Auto do Castromil".

Realizou grandes xiras como monologuista xunto a Carlos Blanco.

En 2023 recibe o premio Maruxa Villanueva de Interpretación polo seu traballo en "O porco de pé".



EXPOSICIÓNS: 10 PASOS NA PROCURA DA VIDA, OBRA E PAIXÓN DE ROBERTO VIDAL BOLAÑO E HISTORIA GRÁFICA DA MITCFC

XOVES, 27 XUÑO 2024 19:00 · VESTÍBULO AUDITORIO MUNICIPAL

Tipo: Exposicións antolóxicas Destinado a: Todos os públicos
Duración: 27 xuño-07 xullo

A Roberto Vidal Bolaño dedicouse o Día das Letras Galegas no ano 2013. Mais a súa inxente obra dramática debería estar presente todos os días do ano, xa que el, xunto ao outras persoas, foi un dos canteiros que asentaron a casa común do teatro galego actual. A MITCFC quere lembralo.

Tamén vos convidamos a un paseo pola historia gráfica da MITCFC ao longo destes 41 anos. Unha revisión do traballo de tantas e tantos artistas que nos axudaron a medrar e a achegarnos a vós co seu talento.

FÓRA DE PROGRAMA

27 XUÑO - 07 XULLO 2024 · [ANNAFIGUEIREDO.GAL](https://annafigueiredo.gal)

Autoría: Anna R. Figueiredo
Tipo: Crónica
Duración: 27 xuño-07 xullo

Procedencia: Galicia
Destinado a: Todos os públicos
Web: <https://annafigueiredo.gal>

A seguir co traballo realizado na XL edición da MITCFC, Fóra de programa continúa co desenvolvemento da crónica anárquica da Mostra na que se combinan o protagonismo das espectadoras, as imaxes da vila de Cangas, o teatro e a profunda convicción de que na Galaxia estamos acompañadas e que, probablemente, os seres sabios de alén das estrelas estean sobre as táboas desta XLI edición. Desde Cangas ate máis alá das Portas de Tanhausser, Anna Figueiredo reseña e artella o que a cámara e a sinapse emocional percibe desde o celme da escena.

Anna R. Figueiredo é escritora, espectadora a tempo parcial e profesora de matemáticas a tempo indefinido. Colaboradora na revista de debate e pensamento Tempos Novos en coordinación co deseñador gráfico e artista plástico Diego Seixo, que algunha imaxe deitará tamén neste obxecto dixital para as mentes curiosas e as teatreiras valentes.

Anne deletrea a pregunta na man de Helen, ela dille a resposta a Anne e esta repitea en voz alta:

Non hai idade no escenario do vodevil.



PREMIO XIRIA 2024 A HELEN KELLER. A MULLER MARABILLA? DO GRUPO CHÉVERE

DOMINGO, 30 XUÑO 2024 23:30 · AUDITORIO MUNICIPAL

A Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas-MITCFC, acordou conceder o Premio Xiria ao Labor Teatral 2024, ao espectáculo do Grupo Chévere, HELEN KELLER. A MULLER MARABILLA?. Un excepcional traballo de inclusión, no ámbito profesional teatral galego e estatal, que é accesible para persoas con discapacidade auditiva, visual ou xordocegueira e, tamén, cuestiona a incomunicación entre estas persoas e as "sen discapacidades", conseguindo establecer unha conversa aberta e directa co público. O espectáculo, ademais de dar a coñecer a verdadeira historia de Helen Keller, ten o valor engadido de defender a importancia das linguas minorizadas e o seu uso público, neste caso, a lingua galega e a lingua de signos.

"Despois de tantos anos, este é o primeiro traballo de Chévere que afonda na necesidade de facelo accesible a persoas con discapacidade sensorial. E máis alá de elaborar, adaptar e coidar ferramentas de accesibilidade como a audiodescrición para persoas con discapacidade visual, ou preparar materiais para facilitar o acceso a persoas xordocegas, esta obra, sobre todo, cuestiona a in-comunicación entre persoas oíntes e non oíntes, explorando as posibilidades de compartir unha conversa aberta no escenario, como unha silenciosa reivindicación da importancia das linguas minorizadas, do seu uso público e do seu encontro. Por iso integramos na mesma obra a lingua falada en galego e a lingua de signos. Porque queremos chegar a públicos que quedaron sempre fóra do noso teatro. Porque sabemos que colocar simplemente uns subtítulos

non significa que a obra sexa accesible para persoas xordas. Porque queremos confrontar ao público oínte coa realidade das persoas xordas, a súa lingua, a súa cultura e a súa marxinación. Porque queremos xuntar na mesma sala e en igualdade de condicións a persoas oíntes e persoas xordas. Porque facendo máis diverso o público do teatro faremos máis diversa a sociedade.

A convivencia entre unha lingua de signos e unha lingua oral no mesmo plano e sobre o escenario non é doada. É algo que nos obrigou a cuestionar as solucións que coñeciamos. Foi unha invitación a empezar de cero outra vez. A considerar o silencio como unha materia propia do teatro e a valorar o tempo que leva contar algo co movemento das mans, máis alá da rutina das voces, os berros ou os murmurios. Para conseguilo, establecemos a lingua de signos como lingua vehicular do proxecto. As persoas do equipo estivemos estudando e aprendendo lingua de signos durante algo máis dun ano, unha formación básica para poder entender do que estabamos a falar na obra. A xenerosa acollida destes novos públicos que se achegan por primeira vez ao noso traballo devolveunos a ilusión de cando empezabamos, lembrándonos que temos todo por aprender, que non somos nada máis ca un grupo coa inmensa sorte de poder empezar de novo. E agora estamos nunha encrucillada, asumindo que nada volverá ser o mesmo, que non só pasabamos por aquí, senón que para seguir nisto haise que comprometer cun teatro concibido para todos os públicos. É o seu dereito".

Grupo Chévere



I XORNADAS DE INCLUSIÓN E TEATRO

LUNS, 01 XULLO - MARTES, 02 XULLO

Nesta 41 edición, imos poñer o foco na inclusión real das persoas con diversidade funcional na nosa sociedade. Levamos anos colaborando con diversos colectivos que amosan o seu traballo teatral no marco da Mostra mais, agora, queremos avanzar con determinación para que esa necesaria inclusión sexa urxente e real. E o teatro semella ser de excelente axuda.

LUNS, 01 XULLO

11:30-13:00 · SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

OBRADOIRO-CHARLA: HELLEN KELLER, A MULLER MARABILLA.

Problemas, retos e ferramentas para facer unha obra inclusiva e accesible.

Imparten Ángela Ibáñez, Patricia De Lorenzo e Chusa Pérez.

Por algunha ou varias razóns, Chévere estreou este ano "Helen Keller, a muller marabilla?" unha obra feita para ser inclusiva e accesible. Nin nós mesmas sabiamos o significado real destes dous cualificativos. Nós, como parte dese mundo "sen discapacidade", pensamos que con estar sensibilizadas co tema, xa abondaba. E comprobamos que non. Foi unha labazada gustosa decatarnos de que non sabiamos case nada.

Este obradoiro ten como obxectivo compartir como foi a experiencia de facer unha obra accesible para persoas con discapacidade auditiva, visual e xordocegueira e dar as claves necesarias para facer unhas Artes Escénicas que poidan interesar a un público diverso. Un obxectivo que, para se cumprir, precisa de implicación e compromiso desde os ámbitos da creación, a produción, a exhibición e as políticas culturais.

19:00 · EIRADO DO COSTAL

LA BLANCA NIEVES de Furafollas Teatro. Actuación teatral do grupo de teatro amador da Asociación Doa Saúde Mental/ CRPL Cangas.

20:00 · SALA EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

SELVA do Colectivo LUZAZUL. Actuación escénica de LUZAZUL, laboratorio de investigación co teatro como ferramenta e no que participan persoas con diversidade física e intelectual.

MARTES, 2 XULLO

17:00-20:00 · SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

ENCUNTRO TEATRO E INCLUSIÓN

Participan:

Fran Rei Regueiro de Artefeito. Scoop. Galega. Nos últimos oito anos ven desenvolvendo un traballo constante de integración social a través do teatro con colectivos de persoas con discapacidade como, CON ELES, Andaina PSM (Dodro) o AVANTE (Val do Dubra), cos que realiza talleres de artes escénicas e montaxes teatrais.

Marcos Sánchez Armesto. Graduado en Pedagogía Teatral pola UDC. Aplica a pedagogía teatral como ferramenta para desenvolver habilidades emocionais e sociais con persoas vulnerábeis ou en risco de exclusión social.

Sócrates Pérez de la Campa de Doa Saúde Mental/CRPL Cangas. Furafollas é unha compañía de teatro afeccionado no eido da saúde mental que utiliza o teatro como instrumento de ocio e como xeito terapéutico para contribuír á loita contra o estigma.

Maite Campos, Alberto Casqueiro, Pilar Bernardez e Yago Pintos de LUZAZUL. LUZAZUL, laboratorio de investigación que, dende a expresión, utiliza a ferramenta do teatro co obxectivo de sacar á luz os seus potenciais, cualidades, pensamentos, desexos, emocións para contribuír a coñecernos e a que nos recoñezan.



MITCFC AMADORA

LUNS, 01 XULLO 2024 · EIRADO DO COSTAL | AUDITORIO MUNICIPAL

19:00 · EIRADO DO COSTAL

LA BLANCA NIEVES de Furafollas Teatro. 50'. Todos os públicos
Agrupación de teatro amador inmersa no centro de rehabilitación psicosocial e laboral da Asociación Doa Saúde Mental en Cangas.
Mistura de dous contos clásicos: "Blancanieves e Cenicienta". Nieves, filla albina nunha familia proletaria negra, é escrava das súas irmáns quenes a única motivación que teñen na súas vidas é a de divertirse.

20:00 · EIRADO DO COSTAL

FEGATEA na MITCFC. 60'. Todos os públicos

A Federación Galega de Teatro Afeccionado está composta na actualidade por 57 agrupacións teatrais representativas das catro provincias galegas, a maior estrutura teatral organizada e denota o interese dos grupos galegos en traballar nunha mesma dirección.

Representación de tres pezas de microteatro con diversos contidos e estilos teatrais para amosar o traballo realizado polos grupos da Fegatea.

20:00 · SALA EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

SELVA de LUZAZUL. 45'. Todos os públicos

LUZAZUL é un laboratorio de investigación dende a expresión quee utiliza o teatro como ferramenta.

Seres LUZAZUL. Verdadeiros. Habitantes de Selva. Acolen a unha persoa que se sente perdida na "jungla de asfalto". Recórdanlle o que tiña esquecido: Ser no Silencio.

21:30 · VESTÍBULO AUDITORIO MUNICIPAL

FUNÁMBULOS. Acción da ETC, Escola de Teatro de Cangas. 15'. TP



ANIMALIÑOS

LUNS, 01 XULLO 2024 22:00 · AUDITORIO MUNICIPAL

Compañía: ETC, Escola de Teatro de Cangas

Procedencia: Galicia

Dirección: Sonia Rúa

Autoría: Roberto Vidal Bolaño

Destinado a: Público familiar

Estrea: Estrea absoluta

Duración: 60'

Grupo de posta en escena da Escola De Teatro de Cangas. A ETC nace en 2008 co obxectivo de achegar o coñecemento da práctica teatral e mostrar ao público o traballo realizado coa posta en escena de obras interpretadas polo alumnado, da man do equipo de Teatro de Ningures.

A comunidade de veciños dunha urbanización, ve con asombro como unha praga de caracois ameaza con acabar cos seus xardíns e deciden loitar con uñas e dentes contra eles, mentres van aflorando os distintos conflitos persoais que teñen nas súas vidas.

Intérpretes:

Silvia Portela
Fran González
Manolo Boubeta
Luz Álvarez
Paula Castro
Natalia Piñeiro

Dirección, escenografía, vestuario e deseño de luces: Sonia Rúa

Arranxos musicais: Miguel Carretero



O CORPO ESCÉNICO. TALLER DE MÁSCARAS PEDAGÓXICAS

MARTES, 02 XULLO 2024 10:00 · SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL

Imparten: David Roldán Oru e José Luis Montiel da Cia. Guantuguan (Granada)

Tipo: Obradoiro de interpretación

Destinado a: Artes escénicas

Duración: 02 a 04/07/2024. 10:00-15:00

Na formación de calquera actriz/actor, sobre todo nos seus estadios iniciais, é fundamental un bo asentamento das técnicas interpretativas máis importantes. É necesario cementar ben o chan sobre o que se vai construír o edificio, sobre o que a futura actriz comezará a investigar, a coñecerse, adestrarse e a probar, para poder crecer, transformarse e crear unha personalidade propia, unha marca persoal característica.

Un curso intensivo no que abordar diferentes técnicas de interpretación e creación escénicas dende o traballo corporal para atopar o noso lugar no espazo e no personaxe, códigos e tratamentos escénicos. Penetraremos no marabilloso e enriquecedor mundo da máscara, cun percorrido pola súa progresión pedagóxica, pasando pola máscara neutra, larvaria, de carácter e media máscara. Isto permitirá que vaian aparecendo as liñas mestras dun personaxe que estrutura e simplifica a actuación, xa que transmite ao corpo actitudes esenciais (depurar a actuación, filtrar as complexidades da ollada psicolóxica, impoñer actitudes guía ao conxunto do corpo e apoiarse nunha estrutura básica, algo que non existe na actuación sen máscara. Por iso este traballo é indispensable na formación actoral. Calquera tipo de teatro, sexa cal sexa a súa forma, vaise beneficiar da experiencia do actor/actriz que teña actuado con máscara.



PRESENTACIÓN DE "PYKA" E "AMANTIS" DA ERREGUETÉ

XOVES, 04 XULLO 2024 18:30 · SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS

Tipo: Presentación libros editados pola erregueté

Duración: 60'

A erregueté | Revista Galega de Teatro é unha publicación especializada en artes escénicas con catro décadas de traxectoria. Dende os seus comezos, un dos seus obxectivos foi a promoción e difusión da dramaturxia contemporánea, incluíndo textos teatrais dentro das súas páxinas. No ano 2021, pasou a publicar os textos teatrais en formato libro.


Presentación do libros editados pola erregueté | Revista Galega de Teatro coas pezas "Pyka" de Cinema Sticado e Julio Fer, que inclúe tamén as partituras de Brais González, e "Amantis" de Tamara Canosa e Xacio Baño.

Presentan:

Erregueté: Ana Abad De Larriva e Roi Vidal Ponte

Pika: Xosel Díez, Julio Fernández, Brais González e Helena Varela

Amantis: Tamara Canosa



AS MÁSCARAS DE IBÁÑEZ E RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO TEATRAL DE GALIZA

XOVES, 04 XULLO 2024 19:30 · SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS

Tipo: Presentación libros da Editorial Invasoras

Duración: 90'

19:30 AS MÁSCARAS DE IBÁÑEZ. O MARQUÉS DE SARGADELOS QUE NUNCA FOI

Presentan: Antón Lamapereira e Xabier Fernández

Antonio Raimundo Ibáñez, comerciante, armador en corso, empresario industrial, ennoblecido e asasinado o dous de febreiro de 1809, deixou tras de si unha idea controvertida da súa persoa no imaxinario popular: déspota, traidor, afrancesado, antipatriota...

20:00 RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO TEATRAL DE GALIZA

Presentan: Francisco Oti, Eduardo Alonso e Julio Fernández

Presentación dos libros que recollen unha boa parte da nosa historiografía teatral "Alicerces teatrais en Galiza; unha achega de fontes fundamentais e feitos (1952-1975)", "Teatro Estudio de Ferrol" e proxección da mediametraxe "As muletas" rodada en 1968 e escrita e dirixida por Eduardo Alonso.

Trala edición de "Alicerces teatrais en Galiza; unha achega de fontes, fundamentos e feitos (1952-1975)" que é parte do proxecto "Recuperación do patrimonio teatral de Galiza 4 (1936-1973)" da UDC, foi despertando en nós certa curiosidade por algúns dos procesos teatrais que ían xurdindo no micelio do pouso historiográfico teatral que estabamos a recuperar, e que comezaron a coller forma co estudo pormenorizado dos datos no proceso de investigación. Nese proceso apareceu unha mediametraxe en 8 mm. escrita e dirixida por Eduardo Alonso en 1968 na que participan actrices e actores o Teatro Estudio que se proxecta trala presentación dos libros.

MEMORIA DO TEATRO GALEGO NA TRANSICIÓN (EPISODIOS 3 E 4)

VENRES, 05 XULLO 2024 19:00 · SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS

Tipo: Presentación do Consello da Cultura Galega

Duración: 60'

O proxecto "Memoria do teatro galego na transición", iniciado en 2023 da man da Sección de Artes Escénicas, Musicais e Audiovisuais do Consello da Cultura Galega, naceu para obter un rexistro audiovisual amplo dos participantes no nacemento do teatro profesional galego e os eventos da época. En 2024, dous novos episodios incorporan a máis de vinte protagonistas que abordan as artes escénicas nos primeiros gobernos autonómicos. Mentres que primeiro alude á creación do Centro Dramático Galego ata as primeiras asociacións profesionais, circuitos, festivais e sistema de axudas públicas, o segundo detense no papel das mulleres en todo o proceso de profesionalización do teatro galego.

O Consello da Cultura Galega é unha institución pública de carácter consultivo que ten por obxectivo a defensa e promoción da lingua e cultura galegas. Desde a súa fundación en 1983 presta atención ao desenvolvemento das artes escénicas. A través da súa Sección de Artes Escénicas, Musicais e Audiovisuais organiza diferentes actividades para recuperar a memoria destas artes.

Presentan:

Rosario Álvarez, Presidenta do Consello da Cultura Galega

Cristina Domínguez, Coordinadora Sección Artes Escénicas, Audiovisuais e Musicais do CCG

Tito Asorey, Director dos documentais

Eduardo Alonso Vicepresidente da Academia Galega do Teatro



TAQUILLA



www.mostrateatrocangas.gal

www.mostrateatrocangas.gal



ORGANIZAN



Concello de Cangas



ningures produción

PATROCINAN

